

Decreto 246/2007, do 13 de decembro, polo que se declara a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Baiona, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de colectores xerais e estación depuradora de augas residuais do concello de Baiona.

O Concello de Baiona, en sesión que tivo lugar o día quince de febreiro de dous mil sete, aprobou o proxecto de colectores xerais e estación depuradora de augas residuais do concello de Baiona e, na sesión do tres de maio de dous mil sete, acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ao abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens en que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

Que o devandito expediente tivo entrada na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e contén a xustificación acreditativa da motivación para a declaración de urxente ocupación.

Que o expediente foi tratado na comisión de secretarios xerais previa á súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

Que o expediente contén a documentación a que se refire o artigo primeiro da Orde do 7 de decembro de 1983, sobre declaracións de urxente ocupación, así como a exixida no artigo 3 da Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria.

En consecuencia, considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, xa que, segundo sinala o Concello, a prestación dos servizos de carácter xeral, como o abastecemento e o saneamento de augas, constitúen un servizo mínimo obrigatorio, que todo municipio debe efectuar, para poder alcanzar a protección do ambiente e a salubridade pública. Actualmente o concello carece dunha estación depuradora de augas residuais, e vértexes ao mar mediante un emisario submariño, logo de pasaren por un sistema de pretratamento, sistema que é insuficiente ante as exixencias de verteduras marcadas pola Directiva 91/271 da CEE. Por outra banda, o emisario submariño xera unha grave contaminación á baía de Baiona e á ría en xeral, co conseguinte prexuízo á calidade das augas, recursos pesqueiros, marisqueiros e ambiente local. Coa construción da estación depuradora recuperaríase a calidade das augas nas zonas costeiras, marisqueiras, portuarias e nas praias que existen ao longo de todo o litoral e que teñen grande interese económico e ambiental, contribuíndo ao mantemento da salubridade pública, ao desenvolvemento sustentable a través da utilización dos recursos renovables, conservando e mellorando o estado das augas, os recursos hídricos, a vida silvestre, os hábitats e as paisaxes.

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trece de decembro de dous mil sete,

DISPOÑO:

Artigo único.-De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Baiona, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto de colectores xerais e estación depuradora de augas residuais do concello de Baiona, debendo, de ser o caso, unha vez ocupados os terreos necesarios, obter as autorizacións que sexan necesarias dos organismos competentes, con carácter previo ao inicio das obras, entre as que deberá figurar a autorización autonómica previa á licenza municipal, segundo o procedemento establecido polo artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Santiago de Compostela, trece de decembro de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 28 de decembro de 2007, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se conceden os premios a proxectos de innovación educativa en valores democráticos no marco do Plan Valora 2007-2009, convocados ao abeiro da Orde conxunta do 18 de outubro de 2007, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, da Consellería de Innovación e Industria, da Consellería do Medio Rural, da Consellería de Sanidade, da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

A Orde do 18 de outubro de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* do 6 de novembro) establece as bases e convo-

ca setenta e seis premios a proxectos de innovación educativa en valores democráticos no marco do Plan Valora, dirixidos a centros educativos de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para desenvolver nos cursos académicos 2007-2008 e 2008-2009 co fin de fomentar os valores democráticos, participativos e de convivencia no ámbito escolar da nosa comunidade autónoma.

Cumprida a tramitación prevista na convocatoria e do conformidade co establecido no artigo 6, a Dirección Xeral de Innovación e Ordenación Educativa

RESOLVE:

Primeiro.-Conceder os premios establecidos no artigo 3 da convocatoria aos proxectos dos centros que se relacionan a continuación por cada un dos ámbitos:

Valora-Convivencia, cidadanía e cultura de paz: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

CEIP Frei Luís de Granada	Sarria	Lugo	3.000 €
As Telleiras	Narón	A Coruña	3.000 €
IES Manuel Chamoso Lamas	O Carballiño	Ourense	3.000 €
CPI Virxe da Saleta	San Cristovo de Cea	Ourense	3.000 €
CEIP Barouta	Ames	A Coruña	3.000 €
IES Ponteceso	Ponteceso	A Coruña	3.000 €
IES Saturnino Montojo	Ferrol	A Coruña	3.000 €
IES Isidro Parga Pondal	Carballo	A Coruña	3.000 €
IES Xesús Taboada Chivite	Verín	Ourense	3.000 €
CRA Nosa Señora do Faro	Ponteceso	A Coruña	3.000 €

Valora-Interculturalidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

CEIP Curros Enríquez	A Coruña	A Coruña	3.000 €
CEIP San Xoán de Filgueira	Filgueira-Ferrol	A Coruña	3.000 €
IES Illa de Arousa	Illa de Arousa	Pontevedra	3.000 €
CEIP A Xunqueira nº 2	Pontevedra	Pontevedra	3.000 €
CEIP Valle Inclán	Perillo-Oleiros	A Coruña	3.000 €
CEIP Cabanas	Salceda	Pontevedra	3.000 €
CEIP nº 2	Tui	Pontevedra	3.000 €
CEIP Julio Gurriarán	Ourense	Ourense	3.000 €
IES de Ames	Ames	A Coruña	3.000 €
IES Luís Seoane	Pontevedra	Pontevedra	3.000 €

Valora-Lecer: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

IES Carlos Casares	Viana do Bolo	Ourense	3.000 €
CPI de Xanceda	Mecfa-As Pontes	A Coruña	3.000 €
IES Illa de Sarón	Xove	Lugo	3.000 €
CPI Padín Trouteiro	Arcade	Pontevedra	3.000 €
CEIP Santa Rita	Galdo-Viveiro	Lugo	3.000 €
CEIP A Gándara	Monforte de Lemos	Lugo	3.000 €
CEIP de Laredo	Redondela	Pontevedra	3.000 €
CEIP Pobra de Brollón	Pobra de Brollón	Lugo	3.000 €
CPI Dr López Suárez	Escairón-Saviñao	Lugo	3.000 €
IES María Sarmiento	Viveiro	Lugo	3.000 €

Valora-Educación viaria: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

CEIP Amaro Refojo	Verín	Ourense	3.000 €
IES Fernando Blanco	Cee	A Coruña	3.000 €
CEIP Atín-Cela	Mos	Pontevedra	3.000 €
CEIP A Solaina	Narón	A Coruña	3.000 €
IES Pontepedriña	Santiago de Compostela	A Coruña	3.000 €

Valora-Igualdade: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

CEIP O Piñeiríño	Vilagarca de Arousa	Pontevedra	3.000 €
IES A Xunqueira nº 1	Pontevedra	Pontevedra	3.000 €
IES Pino Manso	O Porriño	Pontevedra	3.000 €
CEIP Eugenio López	Cee	A Coruña	3.000 €
CRA Mestre Clara Torres	Tui	Pontevedra	3.000 €

Valora-Ambiente: Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

CEIP Hfo	Cangas do Morrazo	Pontevedra	3.000 €
CEIP Escultor Acuña	Vigo	Pontevedra	3.000 €
IES Vilar Ponte	Viveiro	Lugo	3.000 €
CEIP Manuel Vidal Portela	Pontevedra	Pontevedra	3.000 €
IES Val do Tea	Ponteareas	Pontevedra	3.000 €

Valora-Consumo: Consellería de Innovación e Industria.

CEIP Santa María do Castro	Cabo de Cruz-Boiro	A Coruña	3.000 €
----------------------------	--------------------	----------	---------

Valora-Medio rural: Consellería de Medio Rural.

CRA de Teo	Teo-Calo	A Coruña	3.000 €
CEIP de Arzúa	Arzúa	A Coruña	3.000 €

Valora-Saúde: Consellería de Sanidade.

IES Fraga do Eume	Pontedeume	A Coruña	3.000 €
IES de Meaño	Meaño	Pontevedra	3.000 €
IES Ramón Menéndez Pidal	A Coruña	A Coruña	3.000 €
CPI Atios	Valdoviño	A Coruña	3.000 €
IES Monelos	A Coruña	A Coruña	3.000 €
CEIP A Xunqueira nº 2	Pontevedra	Pontevedra	3.000 €
IES Elviña	A Coruña	A Coruña	3.000 €
CEIP Cruceiro	Sanxenxo	Pontevedra	3.000 €
CEIP Froebel	Pontevedra	Pontevedra	3.000 €

Segundo.-Declarar desertos os seguintes premios: polo ámbito Valora-igualdade, cinco premios; polo ámbito de Valora-Consumo, un premio; polo ámbito de Valora-Medio rural, tres premios; polo ámbito de Valora-Medio mariño, catro premios; polo ámbito de Valora-Ambiente, cinco premios e polo ámbito de Valora-Saúde, un premio.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2007.

M^a José Pérez Mariño
Directora xeral de Ordenación e Innovación
Educativa

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Decreto 247/2007, do 5 de decembro, polo que se derrogan os decretos 251 e 252/1993, ambos do 7 de outubro, de réxime xurídico básico do servizo público do Centro de Lousas de Galicia e do Centro de Granitos de Galicia.

O Centro de Lousas de Galicia, situado en Sobradelo de Valdeorras (Ourense) e o Centro de Granitos de Galicia, no Porriño (Pontevedra), foron creados pola Consellería de Industria e Comercio, por medio do Decreto 209/1990, do 15 de marzo, que establece a estrutura orgánica da Consellería de Industria e Comercio. Estes centros configuráronse como instrumento de apoio ao sector mineiro galego para a prestación daqueles servizos de formación e investigación tecnolóxica de procesos e produtos, co fin de fomentar a actividade, mellorando o rendemento das explotacións situadas en Galicia e a súa competitividade mediante técnicas de calidade.